



Expediente núm. Código de obra	Obra
2024/A003/000007 24.2000.0246.0 POS+2024	Mellora de capa de rodaxe no núcleo de Sabaceda, e acceso norte ao cemiterio de Santa Comba

PROVIDENCIA DA ALCALDÍA INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE OBRAS

Expediente núm.: 2024/A003/000007
Código de obra: 24.2000.0246.0
Contrato: obras
Obra: Mellora de capa de rodaxe no núcleo de Sabaceda, e acceso norte ao cemiterio de Santa Comba
Asunto: providencia inicio expediente

Departamento: Contratación, adxunto a secretaría
Plan: POS+2024
Procedemento: aberto

1. Proxecto técnico. Obxecto do contrato

Cualificación (artigo 15 da LCSP)	Contrato de obras
Denominación (artigo 99 da LCSP)	Mellora de capa de rodaxe no núcleo de Sabaceda, e acceso norte ao cemiterio de Santa Comba
CPV	45000000-7 Traballos de construción 45233252-0 Traballos de pavimentación de rúas 45233221-4 Traballos de pintura da superficie da calzada
Plan provincial da Deputación da Coruña	Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos).(Plan único de concellos) POS+ 2024. Anualidade 2024 (en diante POS+2024)
Persoa redactora do proxecto	Manuel Rodríguez Mourelle, arquitecto
Colexiado núm.	5096
Orzamento de contrata	62157,04 € (21 % engadido)
Prazo de execución	3 meses
Aprobación do proxecto	Pleno da Corporación municipal en sesión do 08/02/2024
Aprobación do Plan	Pleno da Deputación provincial da Coruña en sesión do 31/05/2024

2. Informe técnico (externo) sobre o investimento

2.1.- Supervisión técnica (artigo 235 da LCSP)

Non cómpre a supervisión técnica do proxecto xa que logo non supera os 500.000 euros de orzamento, nin afecta á estabilidade seguridade ou estanquidade da obra.

2.2.- Fases, partes ou tramos (obra completa) (artigo 13.3 da LCSP)

Trátase dunha obra completa, susceptible de uso ou aproveitamento separado e constitúe unha unidade funcional.

2.3.- Autorizacións das obras

No expediente queda acreditado o cumprimento da lexislación urbanística e a sectorial, así como o planeamento en vigor (artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia -DOG núm. 34 do 19/02/2016 e BOE núm. 81 do 04/04/20216-).



Expediente núm. Código de obra	Obra
2024/A003/000007 24.2000.0246.0 POS+2024	Mellora de capa de rodaxe no núcleo de Sabaceda, e acceso norte ao cemiterio de Santa Comba

Non se precisan autorizacións sectoriais.

3. Xustificación da necesidade da contratación (artigo 28 e 116.4 da LCSP)

A natureza, a extensión das necesidades que se pretenden satisfacer con este contrato de obras que se tramita, a idoneidade do seu obxecto e o contido para satisfacelas, especificanse e xustifican na memoria do proxecto de obras en todo caso. Tamén na memoria xustificativa (para os efectos esixidos no artigo 28 da LCSP).

Queda acreditado que a contratación deste investimentos mediante un contrato de obras é a forma máis idónea e eficiente para realizar os fins municipais.

4. Análise de execución, ou non, por lotes (artigo 116.4.g da LCSP)

O contrato desta obra non se executará por lotes.

Lémbrese que este investimento debe ser adjudicado a un único licitador, sen posibilidade de división en lotes, ao abeiro das Bases reguladoras do POS+2024 e co contido dos anexos preceptivos que presentou este concello na Deputación provincial da Coruña en cada investimento, ao abeiro do artigo 99.3.b da LCSP.

No decreto do alcalde núm. 200/2024 do 08/02/2024 resolveuse non executar este investimento, que se xustifica no informe técnico do redactor do proxecto, ao abeiro do artigo 99.3 da LCSP.

5. Valor estimado do contrato. O financiamento. O prezo do contrato (artigos. 101, 102, e 116.4.d da LCSP)

Valor estimado Prezo do contrato		Financiamento e retención de crédito	
Valor estimado do contrato	51369,45 €	Estado	0,00 €
IVE	10787,59 €	Xunta de Galicia	0,00 €
Total	62157,04 €	Deputación A Coruña	62157,04 €
		Fondos propios	0,00 €
Partida orzamentaria	454 61900	Retención de crédito	24/07/2024
Núm. Operación	220240003011	Referencia núm.	22024000759

A financiación deste contrato se realiza con aportacións de distinta procedencia. No expediente se acredita a plena dispoñibilidade de todas as aportacións.

Non se inclúe unha garantía para a súa efectividade, xa que logo quedan exonerados da constitución de garantía, salvo previsión expresa en contrario nas bases reguladoras, as administracións públicas, os seus organismos vinculados ou dependentes e as sociedades mercantís estatais e as fundacións do sector público estatal, así como análogos entidades das comunidades autónomas e das entidades locais (artigo 42 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións -BOE núm. 176 do 25/07/2006-).

Tamén no deber de colaboración entre as administracións públicas, e as técnicas a través das cales este deber se materializa, artigos 141-142 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, (BOE núm. 236 do 02/10/2015).

6. Tramitación do expediente. Elección do procedemento de licitación (art. 116.4.a da LCSP)

Consta informe da elección do procedemento de contratación na memoria xustificativa.

O expediente de contratación será tramitado de forma ordinaria.



Expediente núm. Código de obra	Obra
2024/A003/000007 24.2000.0246.0 POS+2024	Mellora de capa de rodaxe no núcleo de Sabaceda, e acceso norte ao cemiterio de Santa Comba

O procedemento de adxudicación: procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, non suxeito a regulación harmonizada, ao abeiro dos artigos 131.2 e 156 da LCSP.

7. A clasificación esixida aos licitadores. Os criterios de solvencia e as condicións especiais de execución deste.

7.1.- A clasificación esixida aos licitadores

Non se esixe a clasificación de contratistas, tendo en conta o valor estimado deste contrato de obras, ao abeiro do artigo 77.1 da LCSP e o artigo 11 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, (RXLCAP), ao ser o valor estimado do contrato inferior a 500.000 €.

7.2.- Os criterios de solvencia económica e financeira, a técnica ou profesional, e os criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato, así como as condicións especiais de execución deste.

A clasificación para acreditar/substitúe a solvencia:

GRUPO A (Movimiento de tierras y per.)	SUBGRUPO 1 (Desmontes y vaciados) 2 (Explanaciones)
GRUPO G (Viales y pistas)	SUBGRUPO 4 (Con firmes de mezclas bituminosas) 5 (Señalizaciones y balizamientos viales)

7.2.1. Os criterios de solvencia económica e financeira e a técnica

Se a empresa non estiver clasificada deberá acreditar a solvencia mediante a achega desta documentación prevista no PCAP aprobados expresamente pola Deputación provincial da Coruña en sesión realizada o 26/2/2021 (BOP núm. 42 do 4/3/2021), que se transcriben:

“7.2.1 Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica:

No caso de que non sexa esixible a clasificación para a obra, o licitador que presente a mellor oferta deberá acreditar a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica (cláusula 16 deste prego) do seguinte modo:

A. Empresas españolas e empresas estranxeiras non pertencentes a Estados membros da Unión Europea: Poderán optar:

A.1 Mediante a acreditación de que está clasificada a empresa no grupo e subgrupo e clasificación que se indica no anexo I, epígrafe 8.

A clasificación do empresario acreditará a súa solvencia para a celebración de contratos do mesmo tipo e importe que aqueles para os que se obtivo e para cuxa celebración non se esixa estar en posesión desta.

A.2. Mediante a acreditación da solvencia económica e financeira a que se refire o apartado 7.2.1.a), e a acreditación da solvencia técnica a que se refire o apartado 7.2.1. b).

B. Para todas as empresas con independencia da súa nacionalidade: No caso de que a empresa non estea clasificada deberá acreditar a solvencia.

7.2.1 a. Solvencia económica e financeira

7.2.1.a.1 Medios

A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por calquera destes medios:

- Volume anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito ao que se refira o contrato, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas polo importe que sexa igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato.**
Considerarase acreditada a solvencia se o volume de negocios anual esixido é igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato.
- Patrimonio neto ao peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obrigaçión de aprobación de contas anuais.



Expediente núm. Código de obra	Obra
2024/A003/000007 24.2000.0246.0 POS+2024	Mellora de capa de rodaxe no núcleo de Sabaceda, e acceso norte ao cemiterio de Santa Comba

Considerarase acreditada a solvencia se o importe do patrimonio neto é igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato.

- c) Xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior ao esixido no orzamento do contrato
Considerarase acreditada a solvencia se o seguro cobre riscos profesionais por un mínimo anual igual ou superior ao valor estimado do contrato.

7.2.1.a.2. Acreditación documental

A acreditación documental da suficiencia da solvencia económica e financeira do empresario efectuarase mediante:

- a) **Volume de negocios e patrimonio neto: A achega das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito neste rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar rexistrado. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizadas polo Rexistro Mercantil.**
- b) Seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais: A achega de póliza ou certificado de seguros por riscos profesionais.

En todo caso, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a teor do reflectido nel e salvo proba en contrario, as condicións de solvencia económica e financeira do empresario.

7.2.1.a.3 Acreditación da solvencia económica e financeira por calquera outro documento.

Cando por unha razón válida, o operador económico non estea en condicións de presentar as referencias solicitadas polo órgano de contratación, autorizaráselle a acreditar a súa solvencia económica e financeira por medio de calquera outro documento que o poder adjudicador considere apropiado (art. 86.1, parágrafo 3. LCSP).

7.2.1.b. Solvencia técnica

7.2.1.b.1. Regra xeral.

A solvencia técnica do empresario poderáselle acreditar por calquera destes medios, seguindo a enumeración do artigo 88 da LCSP:

- a) Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución.
Estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e levaron normalmente a bo termo; no seu caso, estes certificados comunicaraos directamente a autoridade competente ao órgano de contratación.
Para estes efectos, as obras executadas por unha sociedade estranxeira filial do contratista de obras terán esta consideración que as directamente executadas polo propio contratista, sempre que este último desempeñe directa ou indirectamente o control daquela nos termos establecidos no artigo 42 do Código de comercio. Cando se trate de obras executadas por unha sociedade estranxeira participada polo contratista sen que se cumpra esta condición, só se recoñecerá como experiencia atribuíble ao contratista a obra executada pola sociedade participada na proporción da participación daquel no capital social desta.
- b) **Declaración na que se indique o persoal técnico ou organismos técnicos, estean ou non integrados na empresa, dos que esta dispoña para executar as obras acompañada dos documentos acreditativos correspondentes cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.**
- c) **Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables das obras así como dos técnicos encargados directamente desta**
- d) O apartado d) do artigo 88 LCSP non será de aplicación no presente contrato, sen prexuízo do disposto no anexo V.
- e) Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e do número de directivos durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.

Considerarase acreditada a solvencia técnica nos apartados b), c) e e) cando o persoal técnico, e a titulación académica e profesional, o persoal medio sexa adecuado e proporcionado á natureza e orzamento da obra.

7.2.1.b. 2.Regra específica para as empresas de nova creación:

Nos contratos cuxo valor estimado sexa inferior a 500.000 euros, cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a súa solvencia técnica acreditarase por un ou varios dos medios a que se refiren as letras b) c) e e) anteriores, sen que en ningún caso sexa aplicable o establecido na letra a), relativo á execución dun número determinado de obra.

7.2.2. Integración da solvencia con medios externos.

Para acreditar a solvencia necesaria para celebrar un contrato determinado, o empresario poderáselle basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato disporá efectivamente desa solvencia e medios, e a entidade á que recorra non estea incurso nunha prohibición de contratar e de acordo cos requisitos establecidos no art. 75 LCSP.

Os medios que o órgano de contratación elixe para acreditar a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica son as indicadas arriba coa **cor vermella**.



Expediente núm. Código de obra	Obra
2024/A003/000007 24.2000.0246.0 POS+2024	Mellora de capa de rodaxe no núcleo de Sabaceda, e acceso norte ao cemiterio de Santa Comba

7.2.2.- Os criterios para a adxudicación.

A obra está incluída no POS+2024 da Deputación provincial da Coruña polo que os criterios de ponderación e valoración do contrato son os recollidos no anexo IV do prego de cláusulas administrativas que aprobou Pleno provincial na sesión realizada o 26/2/2021 (BOP núm. 42 do 4/3/2021):

ANEXO IV: CRITERIOS DE VALORACIÓN

Tendo en conta que o presente prego ten o carácter de prego tipo que rexerá as obras tanto de Deputación como obras de concellos comprendidas en diversos plans a puntuación que figura nel parte das seguintes premisas:

1º.- Para cada criterio de valoración establécese un abano de puntuación mínima e máxima, que determinará o órgano de contratación.

2º.- Para cada contrato específico o órgano de contratación indicará neste prego cal é a puntuación concreta do correspondente criterio de valoración, que se detallará no anexo núm. IV.II.

3º En todo caso a puntuación atribuída por todos os criterios considerados deberá estar referida como máximo a 125 puntos e como mínimo a 80 puntos. Os criterios non avaliados mediante fórmulas non poderán exceder do 44% do total de puntos, e os avaliados mediante fórmulas do 56 %, e dentro deste o prezo deberá representar polo menos un 50 % dos criterios avaliados mediante fórmulas.

FASE I

A) CRITERIOS NON AVALIADOS MEDIANTE FÓRMULAS

a) Plan de control de calidade (cláusula 12 e15)

ESTE PROGRAMA NON PODERÁ TER UNHA EXTENSIÓN SUPERIOR A 10 PÁXINAS, NON SE VALORARÁ A DOCUMENTACIÓN QUE EXCEDA DESTE MÁXIMO (10 PÁXINAS)

Valorarase:

- suficiencia do control de calidade na recepción de materiais en obra
- idoneidade do plan de control de calidade proposto para a obra.
- Evitar duplicidades nos controis dos ensaios que vai realizar a propia empresa e a administración.
- suficiencia do control de calidade nos procesos construtivos
- adecuación da estrutura técnico-administrativa responsable, na empresa e na obra

Abano: de 0 a 15 puntos

CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

b) Programa de traballo (cláusula 12 e 15):

ESTE PROGRAMA NON PODERÁ TER UNHA EXTENSIÓN SUPERIOR A 25 PÁXINAS, NON SE VALORARÁ A DOCUMENTACIÓN QUE EXCEDA DESTE MÁXIMO (25 PÁXINAS)

Valorarase:

- análise correcta do ámbito de actuación
- análise correcta de posibles afeccións ao territorio, servizos preexistentes ou persoas
- descrición técnica adecuada dos traballos que se van realizar
- disposición adecuada de elementos auxiliares na parcela ou bordo da estrada (casetas de obra, guindastres, colectores, maquinaria, etc.)
- circulación apropiada de persoal e maquinaria pola obra
- calidade suficiente dos materiais que se van empregar en obra
- coherencia dos diagramas de Gantt e PERT.
- adecuación dos medios humanos asignados á obra, por encima dos mínimos indicados no proxecto ou no prego de cláusulas administrativas particulares
- adecuación dos medios materiais asignados á obra por encima dos mínimos indicados no proxecto ou no prego de cláusulas administrativas particulares



Expediente núm. Código de obra	Obra
2024/A003/000007 24.2000.0246.0 POS+2024	Mellora de capa de rodaxe no núcleo de Sabaceda, e acceso norte ao cemiterio de Santa Comba

- Descrición posibles problemáticas ou desviacións durante a execución
Abano: de 0 a 20 puntos

CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

c) Programa de actuación ambiental (cláusula 12 e 15):

ESTE PROGRAMA NON PODERÁ TER UNHA EXTENSIÓN SUPERIOR A 15 PÁXINAS, NON SE VALORARÁ A DOCUMENTACIÓN QUE EXCEDA DESTE MÁXIMO (15 PÁXINAS)

Valorarase:

- análise correcta da relación da obra co medio ambiente
- análise correcta das posibles afeccións ambientais
- descrición axustada das medidas de control e corrección previstas
- adecuación das medidas de reciclaxe de residuos sólidos e líquidos
- xustificación da certificación ambiental dos materiais que se van empregar
- axuste das medidas de aforro enerxético que se van adoptar
- axuste das medidas de recuperación e rexeneración ambientais que se van adoptar ao final da obra
- Informe completo da xestión dos residuos na súa trazabilidade e procesos
- Emprego de materiais con certificados sostibles, reciclados ou reciclables
- axuste doutras medidas destinadas a minorar o impacto ambiental dos traballos que se van realizar
- descrición adecuada dos vertedoiros e centros de xestión de residuos
- axuste dos medios humanos asignados á xestión ambiental, na empresa e na obra

Abano: de 0 a 10 puntos

CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un programa de ACTUACIÓN AMBIENTAL que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten unha actuación ambiental que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten unha actuación ambiental que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten unha actuación ambiental que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

d) Esquema do Plan de seguridade e saúde (cláusula 12 e 15):

ESTE PROGRAMA NON PODERÁ TER UNHA EXTENSIÓN SUPERIOR A 15 PÁXINAS, NON SE VALORARÁ A DOCUMENTACIÓN QUE EXCEDA DESTE MÁXIMO (15 PÁXINAS)

Abano: de 0 a 10 puntos

CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

EXCLUSIÓNS

As empresas que non superen a **puntuación mínima do 50 % dos puntos asignados na fase 1** coa suma da puntuación correspondente aos criterios de valoración: plan de control de calidade, programa de traballo, programa de actuación ambiental, esquema do plan de seguridade e saúde, non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídos da segunda fase e do procedemento aberto con multiplicidade de criterios.

FASE II.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS:



Expediente núm. Código de obra	Obra
2024/A003/000007 24.2000.0246.0 POS+2024	Mellora de capa de rodaxe no núcleo de Sabaceda, e acceso norte ao cemiterio de Santa Comba

II.1. OFERTA ECONÓMICA

Oferta económica: Abano: de 0 a 40 puntos

De acordo coa fórmula elaborada, por demanda da Deputación Provincial da Coruña, pola Facultade de Matemáticas da USC e cuxa desagregación, explicación da fórmula e aplicación para o seu coñecemento figura no anexo VIII e na seguinte ligazón:

<https://www.dacoruna.gal/valoracion/>

II.3 IGUALDADE Existencia de plan de igualdade na data de publicación da licitación. Abano de 0 a 5 puntos

No caso de que se valore a existencia dun plan de igualdade, a empresa estará obrigada a manter os parámetros de igualdade durante o prazo de execución do contrato.

A empresa que conte con plan de igualdade acreditado ou presentado no rexistro correspondente obterá a máxima puntuación deste criterio, a empresa que non conte con plan de igualdade cualificarase con 0 puntos.

ANEXO IV.II: CRITERIOS ESPECÍFICOS PARA ESTE CONTRATO

TIPO DE CRITERIO	DENOMINACIÓN	PUNTUACIÓN ASIGNADA	
CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	Plan de control de calidade	6,10	
	Programa de traballo	20,00	
	Programa de actuación ambiental	3,00	
	Esquema do Plan de seguridade e saúde	6,10	
44 %	Total criterios subxectivos	35,20 puntos	
Exclusións As empresas que non superen a puntuación mínima do 50 % dos puntos asignados na fase 1 coa suma da puntuación correspondente aos criterios de valoración: plan de control de calidade, programa de traballo, programa de actuación ambiental, esquema do plan de seguridade e saúde, non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídos da segunda fase e do procedemento aberto con multiplicidade de criterios.			
CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	OFERTA ECONÓMICA	40,00	
	ESTABILIDADE NO EMPREGO	Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa	0,00
		Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa	0,00
		Contratación desempregados	0,00
IGUALDADE		4,80	
56 %	Total criterios avaliados mediante fórmulas	44,80 puntos	
100 %	Total puntuación criterios de adjudicación	80,00 puntos	

Os criterios de desempate (cláusula 15.5 do PCAP aprobado pola Deputación provincial da Coruña). Para estes efectos deberán presentar a documentación que os acredite.

7.2.3.- Condicións de execución (art. 202 da LCSP).

En cumprimento do disposto no artigo 202 da LCSP e na cláusulas 23 e 27 do PCAP aprobado pola Deputación provincial da Coruña, que delegou a contratación deste investimento neste concello, establécense estas condicións:

--



Expediente núm. Código de obra	Obra
2024/A003/000007 24.2000.0246.0 POS+2024	Mellora de capa de rodaxe no núcleo de Sabaceda, e acceso norte ao cemiterio de Santa Comba

Cláusula 23 do PCAP aprobado pola Deputación provincial da Coruña

NORMATIVA LABORAL, PROTECCIÓN DE DATOS, IGUALDADE DE XÉNERO E CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E PERSOAL. IGUALDADE DE TRATO E NON DISCRIMINACIÓN DE LESBIANAS, GAIS, TRANSEXUAIS, BISEXUAIS E INTERSEXUAIS

Tipo	Descrición
<p>Observar as disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social e en especial os convenios colectivos do sector ou empresa correspondentes</p> <p>Observar as disposicións vixentes en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de riscos laborais.</p> <p>Observar as disposicións vixentes en materia de igualdade de xénero e conciliación da vida familiar e persoal, adoptando todas as medidas necesarias para a súa efectividade.</p> <p>Adoptar as medidas a que se refire a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, e en especial o protocolo de igualdade e boas prácticas no ámbito empresarial e das relacións laborais en materia de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero, considerándose o seu cumprimento condición especial de execución, e o seu incumprimento considerárase incumprimento de obrigação esencial e causa de resolución de contrato (art. 12.8 Lei 2/2014).</p> <p>O adxudicatario está obrigado a cumprir en todas as fases de desenvolvemento do contrato, na súa terminación e con posterioridade a esta, a normativa sobre protección de datos de carácter persoal, sendo responsable de calquera infracción desta, de conformidade co disposto na Lei 9/2017 na súa redacción dada polo Real decreto lei 14/2019 do 31 de outubro</p>	<p>Garantir a seguranza e a protección da saúde no lugar de traballo e o cumprimento dos convenios colectivos sectoriais e territoriais aplicables.</p> <p>Adoptar as medidas para previr a sinistralidade laboral.</p> <p>Favorecer a aplicación de medidas que fomenten a igualdade entre mulleres e homes no traballo, o operador económico que resulte adxudicatario deberá establecer un programa de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas integradas na empresa.</p> <p>De conformidade co establecido no artigo 202.1 da LCSP nos contratos cuxa execución implique a cesión de datos polas entidades do sector público ao contratista será obrigatorio o establecemento dunha condición especial de execución que faga referencia á obrigação do contratista de someterse á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos, advertíndose ademais ao contratista de que esta obrigação ten o carácter de obrigação contractual esencial.</p>

7.2.4.- Condicións especiais de execución de carácter laboral e social (art. 202 da LCSP).

Neste prego establécese como condición especial de carácter social e laboral en relación coa execución do contrato, vinculadas ao seu obxecto, no sentido do artigo 145 LCSP, non sendo directa ou indirectamente discriminatorias esta condición de execución:

Cláusula 27 da PCAP aprobado pola Deputación provincial da Coruña	
Tipo especial	Eliminar desigualdades entre o home e a muller
Descrición	Favorecer a aplicación de medidas que fomenten a igualdade entre mulleres e homes no traballo, o operador económico que resulte adxudicatario deberá establecer un programa de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas integradas na empresa.

O contratista estará obrigado a facilitar toda a documentación acreditativa do cumprimento de todos os requisitos esixidos nesta cláusula cando llo solicite a Administración, o director de



Expediente núm. Código de obra	Obra
2024/A003/000007 24.2000.0246.0 POS+2024	Mellora de capa de rodaxe no núcleo de Sabaceda, e acceso norte ao cemiterio de Santa Comba

obra ou o órgano de contratación. En todo caso, o contratista e a Administración deberán observar a normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

7.2.5.- Inscripción no ROLECE ou no rexistro da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os certificados da inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, (ROLECE), ou no Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas da Comunidade Autónoma de Galicia, acreditan fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a teor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira, e clasificación, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar que deban constar nel, ao abeiro do artigo 96.1 da LCSP.

Para estes efectos os empresarios deberán indicar esta circunstancia e número de inscrición, sempre que a citada documentación se corresponda coa esixida nesta cláusula e atópese vixente.

8. Cualificación do contrato. Réxime xurídico aplicable ao contrato.

Contrato de obras (artigo 13 da LCSP). Contrato administrativo (artigo 25 da LCSP).

9. Revisión de prezos

A duración da obra é inferior aos dous anos. Por iso, non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada de prezos deste contrato e polo tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión, ao abeiro do artigo 103.5 da LCSP.

10. Tributos e proxectos de instalacións

O adxudicatario deberá pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, no seu caso, sobre o obxecto do contrato, así como sobre a obtención da licenza de obras ou imposto sobre construcións, obras e instalacións, se procede, e o aboamento de calquera tributo relacionado co establecido neste apartado.

Serán por conta do adxudicatario e sen que supoña ningún custo para a administración, a realización daqueles proxectos de instalacións e equipos que no seu caso se prevegan no proxecto (electricidade, centros de transformación, aparellos elevadores, climatización, etc.), que sexan necesarios para a aprobación polos organismos competentes da administración, así como a tramitación ante estes organismos e pago das taxas correspondentes. Tamén as condicións económicas e técnicas establecidos nas autorizacións sectoriais.

Así mesmo, o contratista está obrigado a instalar pola súa conta os sinais indicativos de obras, perigo, precaución, desviación, etc., de conformidade co disposto no código da circulación e normativa de prevención de riscos laborais, e a adoptar todas as precaucións precisas desde o comezo das obras ata a súa total terminación, sendo persoalmente responsable dos accidentes motivados por incumprimento desta cláusula.

11. Responsable do contrato

Nos contratos de obras, as facultades do responsable do contrato serán exercidas polo director facultativo, ao abeiro dos artigos 237 ao 246 da LCSAP.

12. Marco normativo

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, (BOE núm. 80 do 03/04/1985), (en diante LBRL).
- A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (DOG núm. 149 do 05/08/1997 e BOE núm. 237 do 03/10/1997), (en diante a LALGA).



Expediente núm. Código de obra	Obra
2024/A003/000007 24.2000.0246.0 POS+2024	Mellora de capa de rodaxe no núcleo de Sabaceda, e acceso norte ao cemiterio de Santa Comba

- Os artigos 63, 99 a 102, 116, 117, 122, 124 e 131 a 158 e as disposicións adicionais segunda, terceira e décimo quinta da LCSP.
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, (BOP núm. 118 do 15/05/2009).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, (artigos vixentes logo da entrada en vigor do Real decreto 817/2009, do 8 de maio), (BOP núm. 257 do 26/10/2001).
- As Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos).(Plan único de concellos) POS+ 2024. Anualidade 2024, que aprobou o Pleno da Deputación provincial da Coruña na sesión realizada o 24/11/2023 e publicadas no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 227 de 28/11/2023.
- Os pregos de cláusulas administrativas particulares, (en diante o PCAP), referente ao procedemento aberto *aberto (con pluralidade de criterios de adjudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática)*, que aprobou a o Pleno da Deputación provincial da Coruña en sesión realizada o 26/2/2021 (BOP núm. 42 do 4/3/2021).
- As circulares e instrucións da Deputación provincial da Coruña referentes a este plan.

13. Outros datos de interese

Obra engadida no POS+2024 da Deputación provincial da Coruña. O modelo de cartel de obra.



Na data en que comecen os traballos, o contratista queda obrigado a colocar pola súa conta un cartel relacionado coa obra, coas características e formato que sinala a Administración provincial. Este cartel deberá manterse na obra ata transcorrido un ano desde a formalización da acta de recepción, sendo responsable o contratista durante o prazo que o cartel permaneza instalado en perfectas condicións.

Transcorrido este prazo o contratista deberá proceder á retirada do cartel pola súa conta.

O departamento de Contratación tramitará o expediente de contratación coas características indicadas na memoria xustificativa e nesta providencia.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

O alcalde

Alberto Romar Landeira

(Documento que se asina electronicamente)